

**“Extracto da convocatoria para o ano 2019 do Programa Trienal 2017-2019 de concesión de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios residencias colectivos do municipio de Arteixo.**

**Obxecto.-** O obxecto é a regulación de subvencións por concorrencia competitiva para os exercicios 2017-2019 con destino a determinadas actuacións de rehabilitación edificatoria en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras nas edificacións de tipoloxía residencial colectiva do municipio de Arteixo.

**Beneficiarios/as.-** As comunidades de propietarios de edificios de tipoloxía residencial colectiva sitos en Arteixo que cumpran os requisitos establecidos na base 3º do Programa Trienal 2017-2019 de concesión de subvencións para a mellora da accesibilidade .

**Bases reguladoras.-** A convocatoria realízase ao abeiro das as bases do Programa Trienal 2017-2019 de concesión de subvencións para a mellora da accesibilidade: instalación de ascensores e eliminación de barreiras arquitectónicas nos edificios residencias colectivos do municipio de Arteixo, vixentes publicadas no BOP nº 106 de 7 de xuño de 2017.

**Contía.-** O importe da consignación orzamentaria ascende a 200.00,00€, con cargo a partida 1522.78000 do orzamento ordinario para o 2019.

**Criterios de valoración.-** As bases reguladoras conteñen os criterios de valoración, os criterios de adxudicación e o procedemento de concesión aplicables a cada programa de axudas.

**Prazo de presentación.-** o prazo de presentación iniciarase ao día seguinte da publicación da convocatoria na BNDS e rematará o 30 de outubro de 2019:”